

# EFEGA forma ao persoal do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal - 065

Un grupo de 25 acompañantes de transporte adaptado recibiu formación específica en emerxencias sanitarias nas instalacións da empresa Autocares Rias Baixas.



*Alumna inmovilizando un vehículo nun exercicio de accidente simulado*

13/02/2011 As instalacións que a empresa Autocares Rias Baixas posúe en Pontevedra foi escenario no día de onte dun curso de primeiros auxilios dirixido ás acompañantes de transporte adaptado ascritas ao servizo 065, onde un grupo de 25 profesionais participou nun curso deseñado a medida para dar resposta ás principais causas de emerxencia sanitaria da súa actividade laboral.

O curso comezou cunha clase teórica na que se repasaron os aspectos fundamentais sobre soporte vital básico e actuación en caso de accidente de circulación, para continuar cun exercicio práctico. Unha a unha, as alumnas tiveron que resolver diferentes continxencias nun escenario onde se simulou un accidente de circulación e diferentes situacións de parada cardiorespiratoria.

As asistentes ao curso tiveron que empregarse a fondo para sortear as diferentes probas preparadas por EFEGA. Rescate de vehículos, evacuación de pacientes, reanimación cardipulmonar e a activación do sistema de emerxencias, foron algunhas das tarefas realizadas para superar o curso. A actividade rematou coa participación dunha ambulancia, onde Persoal Técnico de Emerxencias completaban a asistencia iniciada polas traballadoras do servizo 065.

Este curso forma parte dunha acción formativa anual que organiza ADECCO en colaboración con EFEGA, para que as profesionais do servizo de apoio á mobilidade persoal estean preparadas para atender calquera eventualidade, á espera dos servizos de emerxencias. Os interesados en recibir formación poden informarse a través da páxina web [www.efega.eu](http://www.efega.eu) ou no enderezo de correo [info@efega.eu](mailto:info@efega.eu).